






CURIOSIDADES DA AGRICULTURA ROMANA

-  A deusa romana da agricultura era **CERES**.
-  Ser agricultor na época romana **estaba moi ben visto**.
-  Os produtos que se vendían na cidade eran os que non perecían co paso do tempo.



Ceres

Deusa da agricultura romana

QUÉ CULTIVABAN OS ROMANOS?

Os produtos máis cultivados eran as **uvas, oliveiras, trigo, cebada, avena, legumes, diversas hortalizas e liño**.


CÓMO O FACÍAN?

A técnica dos romanos para cultivar a terra, no esencial, **non trocou e mantense nos nosos días**.

Barbeito


O Barbeito era unha técnica que empregaban os romanos que consistía en **deixar sen cultivar un terreo** normalmente por un ano para que a terra **recuperase as súas funcións edáficas e produtivas**.

PRIMEIRO ANO




Ó non dispoñer de abonos, déixase unha parcela sen cultivar para que o chan se recupere.

SEGUNDO ANO



Cultívase a parcela en barbeito do primeiro ano e déixase reposar a outra



Os romanos empregaban a axuda dos animais para traballar o campo.

Exemplo dun arado romano

